

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZAOITO DE DECEMBRO DE 2025 CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde -Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO

Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
D^a. MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
D^a. DIANA VARELA BARREIRO

Secretaria

D^a. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as catorce horas e trinta minutos do día dezaioito de decembro de dous mil vinte e cinco baixo a Presidencia do Sr. Alcalde -Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (18/11/2025)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezaioito de novembro do ano que andamos, que logo de facer a seguinte emenda apróbase por unanimidade:

“No punto 2.10.- Declaración responsable inicio actividade de prensado e maceración de semente de camelia. (Expediente 2025/U019/000003)

Onde di “inicio de actividade de prensado e maceración de semente de camelia” debe dicir “inicio de actividade de prensado de semente de camelia e maceración de flores”.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 202599900001135 de don Jaume Bosch Montsant e dona María del Carmen Sanjurjo Pereira (Expediente núm. 2025/U022/000023)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados solicitan licenza para obras de construción de vivenda unifamiliar de PB e 266,25 m² construídos en Neira de Arriba, 22 - Ribadulla (San Mamede) (expediente núm: 2025/U022/000023), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais. (N-2)”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Antonio Sabucedo Costa, proxecto básico, en calidade de arquitecto e un presuposto de execución material de 130.000,00 euros, coas seguintes características:

PARÁMETRO	ORDENANZA N-1	ORDENANZA N-2		PROXECTO
Parcela (neta) mínima (m ²)	300,00	600,00	(1)(2)	2304,00
Parcela bruta total (m ²)				-
Cesións regularización vías (m ²)	A aliñación	A aliñación		-
Edificabilidade máxima (m ² /m ²)	0,40	0,30 (691,20m ²)		266,25 < (266,25m²)
Ocupación máxima (%)	50	40 (921,60m ²)		193,58 < (266,25m²)

Aliñación (m)	Plan. / 4,00 eixo	Aliñación / >3,00		> 3,00 m
Recuamentos (m)	Aliñ/>3,00	>3,00	(3)	3,00
Alturas (Plantas/m)	S+B+1 / 7,00	S+B+1 / 7,00	(4)	B/3,30
Altura soto sobre rasante (m)	Teito < 0,60	Teito < 0,60		-
Usos	Viv. unifamiliar	Viv. unifamiliar		Viv. unifamiliar

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090A50720335.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza ou da data da presentación da comunicación previa acompañada do proxecto de execución, no caso de concesión da licenza cun proxecto básico. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesada/o. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Antonio Sabucedo Costa, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

Coa advertencia ao interesado de que non poderá iniciar as obras ata que se achegue comunicación previa acompañada do correspondente proxecto de execución e da documentación complementaria que proceda. Achegarase ademais un documento asinado polo técnico redactor do proxecto de execución onde se sinale que este se axusta e desenvolve as determinacións do proxecto básico que serviu para a concesión da licenza, sen introducir modificacións substanciais. No caso de modificacións substanciais con respecto ao proxecto básico deberase solicitar a modificación da licenza concedida. Consideraranse modificacións substanciais, entre outras, o cambio de uso, condicións de volume, posición e ocupación, edificabilidade, altura, recuamentos e separación de lindeiros...) Artigo 143,4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Previo ao inicio das actuacións deberá achegarse oficio de dirección de execución e coordinación.

As obras deberán adaptarse ao disposto no R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, quedando baixo a responsabilidade do promotor o cumprimento do mesmo.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estará debidamente sinalizado, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública.

Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública.

No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Non se afectará ningún elemento da vía ou do espazo público (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc..) que non foran autorizados polo concello.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras deberán ser entregados a xestores autorizados para o seu tratamento en plantas de reciclaxe ou depositados en vertedoiros autorizados.

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación, así como de gas ou electricidade. En caso contrario e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga e de sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, achegando as autorizacións preceptivas de Augas de Galicia coa comunicación de primeira ocupación.

Rematada a construción, instalación, ampliación ou reforma dunha edificación e recibidas as obras de urbanización (cando proceda), non poderá ser utilizada se o beneficiario da licenza de obra non comunica a primeira ocupación da edificación, achegando a documentación preceptiva.

Os beirís de cuberta non excederán os 0,40 m. de saínte, conforme ao artigo 18.17 da normativa urbanística do vixente PXOM.

A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto.

3º.- A zona de cesión para regularización da vía deberá quedar axardinada, ao mesmo nivel coa vía pública e libre de obstáculos. Para estes efectos, e previo ao inicio das obras, deberase xustificar o efectivo cumprimento dos requisitos mencionados con documentación gráfica e fotográfica.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Deberase dispoñer nas obras e actuacións obxecto de licenza do proxecto autorizado e da licenza, así como do cartel de obra nun lugar visible. O cartel de obra será facilitado polo concello, previa liquidación das taxas correspondentes e vixentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): dous mil seiscentos euros (#2.600,00#).

-Taxas expedición de cartel de obra: cento cincuenta euros (#150,00#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente e, logo de acreditado o pagamento, expedirase a licenza e o cartel de obra.

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

2.2.- Comunicación de obra de don Manuel Gestoso Sinde. (Expediente número 2024/U026/000013)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Manuel Gestoso Sinde para reparación de cuberta de edificacións auxiliares substituíndo as pezas rotas por outras.

Dáse conta da autorización outorgada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 27/06/2024, expediente: 989/24.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 001501400NH43C, emprazada en Caxaraville, 5 - Sarandón (San Miguel), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como De fincas singulares en solo de núcleo rural (N-3), e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados, así coma á autorización sectorial outorgada.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.4.- Escrito núm. 2025 999000001250 de don Enrique Neira Picón.

Dáse conta do citado escrito no que don Enrique Neira Picón manifesta que a denominación correcta da obra para actividade, da que tomou coñecemento a Xunta de Goberno Local en sesión de data 16/10/2025, é “prensado de semente de camelia e maceración de flores”, para o que achega documentación asinada por don Camilo Neira Picón.

A Xunta de Goberno Local á vista do contido do expediente acorda modificar a toma de coñecemento do acordo da Xunta de Goberno Local do 16/10/2025, nos seguintes termos:

Onde di...”prensado e maceración de semente de camelia”.. Debe dicir: ..”prensado de semente de camelia e maceración de flores”.

2.5.- Corrección erros. Expediente municipal número 2017/U18/000003.

Na Xunta de Goberno Local de data 27/04/2017 aprobouse o parcelamento de finca en Cornado (San Fins de Sales), en dúas parcelas resultantes, de acordo co proxecto técnico achegado asinado por don Fco. Javier Bellet García en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola e de data 23 de marzo de 2017.

O último parágrafo do acordo dicía:

“Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, de 59 m², e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens. Deberá achegarse copia da escritura pública na que se formalice a cesión obxecto de este expediente.”

E debe dicir:

“Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreos nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, de 59 m² pola parte norte e 183 m² pola parte este, e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens. Deberá achegarse copia da escritura pública na que se formalice a cesión obxecto deste expediente.”

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a mencionada corrección de erros.

3º.- Declaración responsable para renovación funcionamento establecemento dedicado á furancho (Expediente número 2025/U015/000003).

Dáse conta da declaración responsable, presentada por dona María José Carbia Silva para renovar o funcionamento dun establecemento dedicado a furancho no lugar de Malfurado, 4 – Trobe (San Andrés), neste termo municipal. Referencia catastral: 15090A50501636.

Vista a documentación que se achega e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, toma coñecemento do declarado, nos termos da documentación achegada, debendo comunicar o peche do establecemento ao finalizar o pe-

ríodo autorizado, sen que isto supoña baixa da actividade, e a nova apertura na tempada seguinte acompañando a seguinte documentación:

-Renovación do seguro de responsabilidade civil.

-Documentación acreditativa de ter realizado as declaracións obrigatorias do viño.

-Análise do viño da nova tempada e cantidade da que se dispón.

O novo período de apertura será do 31/01/2026 ao 30/04/2026. Así mesmo darase traslado da renovación aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

4º.- Aprobación prezo público para accións formativas de alfabetización dixital.

Á vista de que o Concello de Vedra, organiza de maneira periódica actividades formativas para todas as idades para a anualidade 2026, e á vista da documentación que obra no expediente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar o prezo público das accións formativas de alfabetización dixital para o ano 2026 que se achega como Anexo.

Segundo: Dar traslado da presente resolución aos servizos económicos municipais.

Terceiro: Proceder á súa publicación na páxina web do concello (www.concellodevedra.es) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>)

5º.- Dar conta de Resolucións da Presidencia.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de novembro:

DECRETO	DATA	ASUNTO
988	04/11/2025	Concesión de axuda de emerxencia social a IM
989	04/11/2025	Concesión de axuda de emerxencia social a MFM
990	04/11/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
991	04/11/2025	Aprobación liquidación taxas licenza para subministración eléctrica a vivenda en Xián- San Pedro de Sarandón
992	04/11/2025	Aprobación liquidación taxas expediente de comunicación de obra para pecha de parcela en Argunte –San Mamede de Ribadulla
993	04/11/2025	Aprobación liquidación taxas licenza de obra para construción de edificación auxiliar con destino a garaxe en Angustín- Santa Cruz de Ribadulla
994	04/11/2025	Aprobación conta xustificativa, toma de razón en contabilidade da subvención concedida para a Mellora da eficiencia enerxética na Biblioteca/Ludoteca e EIM, con cargo ao Fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local 2025
995	05/11/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
996	05/11/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
997	05/11/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
998	05/11/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
999	06/11/2025	Baixa de oficio no SAF- Libre concorrência de WCM por ingreso residencial
1000	06/11/2025	Aprobación liquidación taxas informe urbanístico de parcela
1001	06/11/2025	Autorización para uso de vía en Ponte Ulla con vehículos pesados de forma puntual para obra de rehabilitación de vivenda.
1002	07/11/2025	Concesión praza vacante na EIM, curso 2025/20206 a JAFL
1003	07/11/2025	Ampliación intensidade SAF, libre concorrência a ROP

1004	07/11/2025	Solicitud de subvención á Deputación para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo para 2026 (Programa DP0029/2026)
1005	07/11/2025	Solicitud de subvención á Deputación para a contratación de persoal: 2 peóns especialistas obras públicas e 1 axudante de recollida de RSU (Programa PEL – Deputación 2026)
1006	07/11/2025	Solicitud de subvención á Deputación para técnico de xestión cultural 2026 (Programa FO206/2026))
1007	07/11/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2025.46 por importe de 127.281,44 euros
1008	10/11/2025	Cambio de frecuencia na asistencia ao Programa Conxuga, curso 2025/2026 de MMG
1009	10/11/2025	Cambio de frecuencia na asistencia ao Programa Conxuga, curso 2025/2026 de RCM
1010	10/11/2025	Concesión tarxeta de aparcadoiro para persoas con discapacidade e problemas de mobilidade a ECM (Nº 194)
1011	10/11/2025	Solicitud de subvención á Deputación para o Programa de envellecemento activo 2026 (Programa FOEAC/2026)
1012	11/11/2025	Aprobación e orde de pagamento da taxa por ocupación de dominio público ferroviario correspondente á anualidade 2025
1013	11/11/2025	Aprobación liquidación taxas expediente de comunicación de obra para instalación solar fotovoltaica en Pousada de Abaixo, 39 -Vedra
1014	11/11/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
1015	11/11/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso de posto no Centro de Emprendemento A Estación –Espazo Coworking do Concello de Vedra, correspondente ao mes de outubro
1016	11/11/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade madrugadores, correspondente ao mes de novembro
1017	11/11/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca, correspondente ao mes de novembro
1018	11/11/2025	Aprobación liquidación taxas expediente de comunicación de obra para pecha de parcela en Argunte –San Mamede de Ribadulla
1019	12/11/2025	Adxudicación contrato menor de instalación de alumeadado decorativo de Nadal 2025/2026
1020	12/11/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF, modalidade libre concorrência, correspondente ao mes de outubro
1021	12/11/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF, modalidade dependencia, correspondente ao mes de outubro
1022	12/11/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM, concepto de comedor, correspondente ao mes de outubro
1023	12/11/2025	Aprobación liquidación taxas expediente de comunicación de inicio de actividade de prensado e maceración de aceites de camelia
1024	12/11/2025	Solicitud de subvención á Deputación (Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercicio 2026)
1025	12/11/2025	Aprobación modificación de créditos 18/25 por xeración de créditos vinculada aos ingresos percibidos en concepto de prezo público pola excursión extraordinaria da terceira idade a Málaga e Granada
1026	12/11/2025	Aprobación concesión de subvención directa á asociación de amigos Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla e aprobación de conta xustificativa

1027	12/11/2025	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida á ANPA Val do Ulla do CRA Boqueixón –Vedra Neira Vilas e orde de pagamento segundo convenio
1028	12/11/2025	Adxudicación do contrato menor de Redacción do proxecto de mellora e ampliación dun tramo da estrada provincial de A Gaiosa á Ponte de Sarandón (DP8901), dende o cruce de Sarandón ata a entrada do campo da festa.
1029	12/11/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á empresa Droguería – Ferretería El Sol, S.L, incluídos na relación de facturas F.2025.47 por importe de 3.315,69 euros
1030	13/11/2025	Aprobación devolución de aval depositado por Construcciones González y González, S.L para responder da execución da obra de Ampliación do abastecemento en Viñogrande e Trobe (POS + Adicional 2/2022)
1031	14/11/2025	Autorización acometida e conexión co servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 7 de Galegos – San Pedro de Vilanova
1032	14/11/2025	Autorización acometida e conexión co servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 11 de Fornelos –Vedra
1033	14/11/2025	Autorización acometida e conexión co servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 21 de Laraño – San Xián de Sales
1034	14/11/2025	Autorización acometida e conexión co servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 26 de Paradela – San Xián de Sales
1035	14/11/2025	Autorización acometida e conexión co servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 13 de Paradela – San Xián de Sales
1036	14/11/2025	Autorización acometida e conexión co servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 58 de Paradela – San Xián de Sales
1037	14/11/2025	Concesión de axuda de emerxencia social a VQC
1038	14/11/2025	Concesión de tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade e dificultades de mobilidade (nº 195) PPE
1039	17/11/2025	Baixa no servizo de axuda no fogar, modalidade libre concorrência por paso á dependencia, de JLMF.
1040	17/11/2025	Baixa no servizo de axuda no fogar , modalidade libre concorrência por paso a dependencia, de MCCN.
1041	17/11/2025	Autorización acometida e conexión co servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 13 de Afós – Santa Cruz de Ribadulla
1042	17/11/2025	Autorización acometida e conexión co servizo de abastecemento de auga da vivenda núm. 8 de Manteles de Abaixo – Vedra
1043	17/11/2025	Solicitud de participación na convocatoria do Programa de socorrismo dirixido a concellos durante o exercicio 2026 (Programa DPO023B/2026)
1044	17/11/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca e madrugadores, días soltos no mes de outubro
1045	17/11/2025	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de excursións da terceira idade realizadas no mes de outubro
1046	17/11/2025	Solicitud de axuda para a dinamización e xestión dos espazos de traballo da Rede Provincial de Coworking (PEL-REDE COWORKING)
1047	18/11/2025	Creación do Comité de Seguridade da Información do Concello de Vedra e asignación de funcións en materia de seguridade
1048	18/11/2025	Concesión de axuda de emerxencia social a MSM
1049	18/11/2025	Concesión de axuda de emerxencia social a LZO
1050	18/11/2025	Solicitud de participación na convocatoria do Programa de subvencións dirixido a concellos durante o exercicio 2026 para o

		financiamento de gastos de persoal nos servizos municipais de deporte (Programa DPO106/26)
1051	18/11/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2025.48 por importe de 142.622,37 euros
1052	19/11/2025	Incoando expediente de xestión de biomasa en parcelas situadas en Cibrán- San Xián de Sales
1053	19/11/2025	Solicitud ao Concello de Boqueixón do ingreso da achega correspondente ao Programa Conxuga Corresponsables, curso 2024/2025
1054	19/11/2025	Modificación do suxeito pasivo da taxa de lixo domiciliario da vivenda sita en Galegos, 28 (B) e aprobación da nova liquidación correspondente ao exercicio 2025
1055	19/11/2025	Aprobación liquidación definitiva dos gastos de execución subsidiaria da xestión de biomasa de parcela sita en Tomonde –Santa Cruz de Ribadulla
1056	19/11/2025	Declaración caducidade de expediente 2024/I002/000003 incoado por mor de peche de parcela con bloques de pedra en Paradela, 18 –San Xián de Sales
1057	19/11/2025	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida ao Club de Montaña Vértice e orde de pagamento segundo convenio
1058	19/11/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
1059	19/11/2025	Altas no padrón municipal de habitantes
1060	19/11/2025	Aprobación prezo base para o cobro ás persoas usuarias do servizo de axuda no fogar, modalidade libre concorrência, para o ano 2026
1061	20/11/2025	Aprobación anulación das liquidacións en concepto de cota urbanística correspondentes ao SUND-4. Parque Empresarial de Vedra a nome do Ministerio de Fomento (actual Ministerio de Transporte e Mobilidade Sostible)
1062	20/11/2025	Aprobación liquidación da taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2025 da vivenda núm. 13 de Fontao –Vedra
1063	20/11/2025	Aprobación anulación taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2025 da vivenda núm. 13 de Fontao –Vedra por titular incorrecto
1064	20/11/2025	Aprobación anulación liquidación da taxa de xestión do lixo do ano 2025 da vivenda núm. 28B do lugar de Galegos- Santa Cruz de Ribadulla por titular incorrecto
1065	21/11/2025	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2025.49 por importe de 255.224,70 euros
1066	21/11/2025	Solicitud ao Concello de Boqueixón do 50% do resultado negativo do viaxe da xuventude 2025 (Lisboa e Huelva, do 16.22/07/2025)
1067	21/11/2025	Aprobación certificación núm. 2 da obra de Mellora de camiño no Burgo, Santa Eulalia de Vedra (Plan Camiña Rural 2025/2026) e factura correspondente da adxudicataria, F. Gómez y Cía S.L por importe de 33.819,83 euros
1068	21/11/2025	Aprobación certificación núm. 2 da obra de Ampliación do abastecemento a San Miguel de Sarandón (POS + Adicional 2/2024) e factura correspondente da adxudicataria Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia SAU, por importe de 117.015,77 euros
1069	24/11/2025	Incoando expediente, 2025/I002/000009 para reposición da legalidade urbanística por mor das actuacións consistentes en colocación de bloques de pedra de grandes dimensións formando peche, sobre da referencia catastral 001001600NH34B, en Paradela, 18 – Sales (San Xián)

1070	24/11/2025	Devolución aval depositado por Ángel González Nogueira para responder da execución do contrato de Asistencia técnica na xestión e dinamización do Centro de Emprendemento A Estación – Espazo Co-working do Concello de Vedra (Expediente 2024/C004/000001)
1071	24/11/2025	Aprobación e orde de pagamento das nóminas correspondentes ao mes de novembro
1072	25/11/2025	Concesión de axuda de emerxencia social a DECB
1073	25/11/2025	Concesión de tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade e dificultades de mobilidade (nº 196) a MGS
1074	25/11/2025	Autorización para acometida e conexión ao servizo de abastecemento de auga da vivenda sita en Argunte, 18 – San Mamede de Ribadulla
1075	25/11/2025	Delegando na tenente de Alcalde, Diana Varela Barreiro, a celebración de matrimonio civil do día 05.12.2025
1076	25/11/2025	Concesión de axuda de emerxencia social a MRRB
1077	25/11/2025	Aprobación conta xustificativa e toma razón en contabilidade da obra de Mellora de camiño no Burgo, Santa Eulalia de Vedra (Plan Camiña Rural 2025/2026. Anualidade 2025) .
1078	25/11/2025	Reiterando orde de limpeza de finca en Socastro- San Mamede de Ribadulla
1079	25/11/2025	Aprobación e orde de pagamento das nóminas en novembro dos atrasos pendentes de empregado logo da súa incorporación de IT de longa duración vinculados á RPT con efectos do 01.01.2025.
1080	26/11/2025	Adxudicación do contrato menor de retirada de dous tobogáns e instalación doutros dous novos por mor de deficiencias detectadas na obra de Construción de parque infantil no entorno da escola unitaria de San Xán de Sales (Expediente 2025/C002/000030)
1081	26/11/2025	Aprobación contribución económica ao custo do servizo de axuda no fogar polas persoas usuarias da modalidade de libre concorrência para o vindeiro 2026.
1082	27/11/2025	Aprobación conta xustificativa, toma razón en contabilidade e cumprimento finalidade das axudas a entidades locais de Galicia para financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, (LIÑA 2 - BIAT-0005-2025-RES) .
1083	27/11/2025	Devolución aval depositado por Atendo Calidade S.L para responder da execución do contrato de prestación do servizo de axuda no fogar (Expediente 2021/C004/000002)
1084	27/11/2025	Concesión tarxeta de armas para pistola de aire comprimido
1085	28/11/2025	Altas no padrón municipal de habitantes

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.- Outros asuntos.

Non se presentan.

Conclúe ao fin das catorce horas e cincuenta minutos.

ANEXO I

APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO PARA AS ACCIÓNS FORMATIVAS DE ALFABETIZACIÓN DIXITAL NO ANO 2026

Artigo 1. Obxecto

De conformidade co establecido no artigo 41 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nas bases de execución do Concello de Vedra, fíxanse as contías dos prezos públicos aplicables ás accións formativas de Alfabetización Dixital para todas as idades, organizadas na Aula CEMIT de Vedra.

Artigo 2. Persoas obrigadas ao pagamento

Persoas participantes da actividade e, no seu caso, os pais, titores ou responsables dos menores, que se beneficien dos servizos da actividade “Alfabetización Dixital” referida no artigo anterior.

Artigo 3. Contía

A cantidade que se debe pagar en concepto de prezo público pola participación en cada acción é:

ALFABETIZACIÓN DIXITAL	35€/ CURSO
------------------------	------------

Artigo 4. Normas de xestión

O pago do prezo público realizarase mediante domiciliación bancaria debidamente autorizada coa sinatura e presentación da inscrición na actividade. Excepcionalmente poderá habilitarse outra forma de pagamento.

Os cargos efectuaranse ao inicio da actividade.

Artigo 5. Devolución de ingresos.

Procederá nos seguintes casos:

1. Por causas imputables ao concello, por non terse realizado a actividade.
2. Por motivos de causa maior, debidamente xustificada.

Artigo 6. Lexislación aplicable

En todo o non previsto no presente acordo estarase ao disposto no Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, na Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.